

Estimadas familias:

Como xa vos vimos informando en distintos comunicados, a Consellería de Educación e a de Sanidade veñen publicando distintas instrucións para regular o funcionamento dos centros de ensino no contexto da COVID 19. Dentro destes documentos, con data 31-8-2020 publicáronse as "INSTRUCCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓN COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G nº 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓN SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021".

Nestas Instrucións, no seu punto 2.1 indícase que:

<<Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínicoepidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.>>

Asimesmo, no punto 2A.2 sinálase que:

<<Os centros educativos poden establecer mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada ao mesmo ou unha declaración responsable dos proxenitores ao inicio do curso escolar. Porén a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.>>

No seguimento destas Instrucións, enviámosvos os seguintes documentos:

- 1. Enquisa autoavaliación clínica COVID19.** Para realizar a autoavaliación na casa todos os días.
- 2. Modelo de Declaración Responsable** conforme o voso compromiso de realizar a toma de temperatura na casa.
Este modelo deberá ser entregado ao titor/a ao longo dos primeiros días de clase, tendo como prazo ata o xoves 17 de setembro.

Aproveitamos esta comunicación para facervos chegar un sinxelo tutorial (adxunto a este comunicado) no que vos indicamos o modo de proceder para comunicar ao centro un caso de sintomatoloxía compatible coa COVID 19.

Para calqueira dúbida ou aclaración que precisedes, estamos á vosa enteira disposición.

Desexando vervos, tanto aos vosos fillos como a vós, enchendo de ledicia o noso colexio, enviámosvos unha grande e agarimosa aperta.